

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de decembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Leonor Fernández Grande, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>o</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de decembro de 2017, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201712281901040000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2017 e á sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2017**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:55

A petición de don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, e tendo en conta o pouco tempo que os concelleiros tiveron para ler os borradores das actas, este punto quedou sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria do pleno municipal.

### **2. PARTE RESOLUTIVA**

#### **2.1. Aprobación, se procede, da proposta de desestimación das alegacións á imposición e ordenación de contribucións especiais para a execución da obra "Acondicionamento da fronte na rúa Sixto 7-A e anexas", e desistencia do procedemento incoado para tal fin**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:01:43

Vista a proposta de Alcaldía do día 14 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vistas as alegacións presentadas durante o prazo de exposición ao público do expediente de imposición e ordenación de contribucións especiais para a execución da obra “Acondicionamento da fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”, seguintes:

1.- Recurso de reposición interposto por don Jorge Senín Vázquez mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de 14 de agosto de 2017 e número de rexistro 0/7279.

2.- Recurso de reposición interposto por Asemblea Cidadá de Cambre - SON, presentado a través do Rexistro electrónico común por don Antonio Bruquetas Santos, con data 23 de agosto de 2017 e número de rexistro 17018038022.

O dito escrito tivo entrada no Rexistro xeral deste Concello con data 25 de agosto de 2017 e número de rexistro 2017000000801.

3.- Presentación de alegacións por don Roberto Tejedor Cabezas, mediante escrito con entrada no Rexistro xeral deste Concello de 23 de agosto de 2017 e número de rexistro 0/7408.

4.- Presentación de alegacións por don Roberto Tejedor Cabezas, mediante escrito con entrada no Rexistro xeral deste Concello de 23 de agosto de 2017 e número de rexistro 0/7409.

5.- Recurso de reposición interposto por don Roberto Tejedor Cabezas, mediante escrito con entrada no Rexistro xeral deste Concello de 24 de agosto de 2017 e número de rexistro 0/7433.

6.- Presentación de alegacións polo Grupo municipal do Partido Popular de Cambre, presentado a través do Rexistro electrónico común por dona Marta María Vázquez Golpe, con data 24 de agosto de 2017 e número de rexistro 17018096543.

O dito escrito tivo entrada no Rexistro xeral deste Concello con data 25 de agosto de 2017 e número de rexistro 2017000000800.

Vistos o informe do xefe de servizo de Planeamento e Xestión de data 8 de xuño, o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 16 de xuño de 2017 e o informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 19 de xuño, que figuran como antecedentes para a incoación do expediente de imposición de contribucións especiais.

Visto o informe do xefe da Sección de Planeamento e Xestión, de data 11 de setembro de 2017, que consta do seguinte teor literal:

«Polo xefe de área de urbanismo se me solicita, o 6 de setembro, que emita informe acerca dalgúns dos apartados das alegacións presentadas ao expediente de contribucións especiais os propietarios das parcelas sitas en Rúa Sixto 7A e anexas con referencias catastrais 3544985NH5934S, 3544986NH5934S e 3544984NH5934S polas obras de acondicionamento do seu fronte.

#### **ANTECEDENTES:**

Con data de 8 de xuño de 2017 emito informe acerca de como equidistribuír as contribucións especiais na rúa Xisto.

Con data 23 de agosto de 2017 preséntase recurso potestativo de reposición por Dna. María Olga Santos López voceira do grupo municipal Asemblea Cidadá de Cambre no que se alega en relación ao punto 2.3 da resolución.

## INFORME:

Polo que subscribe propúxose que o reparto da obra urbanizadora se realizase de acordo co artigo 9 da ordenanza fiscal nº 20 reguladora de contribucións especiais, proporcionalmente ao fronte da parcela e á superficie edificable das mesmas, considerando esta a superficie bruta antes da cesión.

A dita ordenanza di:

Artigo 9º.-

1. A base imponible das contribucións especiais, repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, con suxeición ás seguintes regras:

a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de repartición, os metros lineais de fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral a efectos do Imposto sobre bens inmobles.

A alegante di “Non discutimos agora a maior ou menor idoneidade destes módulos elixidos senón a *absoluta falla de motivación ou xustificación da súa elección*, coa exclusión doutros tantos que puideran considerarse.”

Como se aprecia na ordenanza os módulos de reparto con carácter xeral son taxados; non procedendo neste caso aplicar o volume edificable porque a ordenanza urbanística que regula a edificabilidade faíno en m<sup>2</sup> / m<sup>2</sup> e os datos catastrais non están actualizados nin reflicten as posibilidades edificatorias das parcelas.


Polo exposto a *motivación ou xustificación da súa elección* e a ordenanza fiscal aprobada.

Sobre o resto de cuestións das alegacións non foron obxecto de informe do que subscribe.»

Visto o informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal, de data 20 de setembro de 2017, que consta do seguinte teor literal:

«A solicitud verbal del jefe del Área de Urbanismo y Régimen Interior, relativo a las alegaciones presentadas por los grupos políticos de la oposición sobre la aprobación inicial del acuerdo de imposición y ordenación de contribuciones especiales para la ejecución de la obra "Acondicionamiento del frente de las parcelas en la Rúa Sixto 7A y anexas", desde el punto de vista técnico se informa lo siguiente.

La actuación que se pretende acometer abarca un margen del camino municipal codificado como 00047, en el lugar de Sixto, y en la memoria se establece la pavimentación del sobrecancho (ensanchamiento) y la puesta a cota de unos pozos.



Realmente lo que se pretende es, "acondicionamiento de la explanada" una mera limpieza del frente de las parcelas con aglomerado (puesto que las principales quejas eran la entrada de polvo en las viviendas de referencia), es una primera actuación. No pudiéndose considerar una urbanización completa, puesto que no se incluyen aceras ni servicios urbanísticos como el abastecimiento, pluviales ni fecales (de titularidad municipal), ni energía eléctrica, gas, telefonía (servicios que son de carácter público en cuanto a su acceso general para los abonados, pero su titularidad es privada). La memoria si que incluiría una preinstalación de alumbrado sin instalación interior ni continuidad para evitar tener que actuar en la zona pavimentada en el caso que una actuación municipal en este servicio.

A todo lo largo del camino no existen aceras, siendo un camino estrecho de unos 5 metros de ancho con circulación en ambos sentidos. La normativa prevé un ancho de 12 metros (6 metros del eje) para este camino, existiendo solo, el retranqueo exigido por normativa en esa zona de las tres viviendas referentes al expediente que nos ocupa.

Se puede considerar, que al no tener continuidad, que los únicos beneficiados de la regularización del frente de las parcelas son únicamente los que acceden directamente a sus viviendas por este retranqueo. Es más, esta actuación solo es en la zona retranqueada no afectando en ningún caso al vial (el cual sí beneficiaría a todos los potenciales usuarios de la calle, y como serían indeterminados, esta mejora de pavimento la tendría que asumir el ayuntamiento).

El retranqueo de referencia, mientras no se abra con la sección tipo toda la calle (12 metros de ancho), actualmente tiene 5 metros de ancho, podrá ser usado básicamente como aparcamiento para los usuarios de las viviendas.

No se puede entender como beneficio generalizado para todos los ciudadanos, sino más bien, se produce un beneficio especial a favor de los propietarios de las parcelas situadas en ese margen del camino, únicos demandantes de esta actuación, lo que se traduce además, en un aumento de valor de los mismos.

El tráfico rodado seguirá discurriendo por la calzada, la cual en quedará afectada por esta actuación, y los peatones tendrán que seguir compartiendo la calzada con los vehículos, puesto que no hay aceras, ni siquiera un arcén.



La ordenanza **FISCAL Nº 20. Ordenanza Fiscal General Reguladora de Contribuciones Especiales, en su artículo 3 dice lo siguiente:**

El Ayuntamiento podrá, potestativamente, acordar la imposición y ordenación de contribuciones especiales, siempre que se den las circunstancias conformadoras del hecho imponible establecidas en el artículo 1º de la presente ordenanza general:

- a) Por la apertura de calles, plazas y la primera pavimentación de las calzadas.
- b) Por la primera instalación, renovación o sustitución de redes de distribución del agua, del alcantarillado o de desagüe de aguas residuales.
- c) Por el establecimiento o sustitución del alumbrado público y por instalación de redes de distribución de energía eléctrica.
- d) Por el ensanchamiento y nuevas instalaciones de las calles y plazas ya abiertas y pavimentadas, así como la modificación de las rasantes.**
- e) Por la sustitución de calzadas, aceras, absorbaderos y bocas de riego de las vías públicas urbanas.
- f) Por el establecimiento y ampliación del servicio de extinción de incendios.
- g) Por la construcción de embalses, canales y otras obras para la irrigación de fincas.
- h) Por la realización de obras de captación, embalse, depósito, conducción y depuración de aguas para el abastecimiento.
- i) Por la construcción de estaciones depuradoras de aguas residuales y colectores generales.
- j) Por la plantación de arbolado en calles y plazas, así como por la construcción y ampliación de parques y jardines que sean de interés para un determinado barrio, zona o sector.
- k) Por el desmonte, terraplenado y construcción de muros de contención.
- l) Por la realización de obras de desecación, saneamiento y de defensa de terrenos contra avenidas e inundaciones, así como la regulación y desviación de cursos de agua.
- m) Por la construcción de galerías subterráneas para el alojamiento de redes y tuberías de distribución de agua, gas y electricidad, así como para que sean utilizadas por redes de servicios de comunicación e información.
- n) Por la realización o el establecimiento o ampliación de cualesquiera

Dadas las características del proyecto, (nivelación del terreno, instalación de cauces para drenaje superficial, extensión una capa de 6 cm de mezcla bituminosa en caliente, preinstalación de alumbrado y telecomunicaciones, así como puesta a cota de tapas y arquetas en una superficie total de unos 260 m<sup>2</sup>), la actuación, tal y como ya se informó el pasado 19 de junio de 2017, se encuadra claramente dentro del apartado **d) Por el ensanchamiento y nuevas instalaciones de las calles y plazas ya abiertas y pavimentadas, así como la modificación de las rasantes.**

Lo que se informa a los efectos oportunos.»

Visto o escrito de data 14 de novembro de 2017 e nº de rexistro 0/9869, presentado polos afectados do expediente de aprobación inicial de imposición e ordenación de contribucións especiais, don Roberto Tejedor Cabezas, don Jorge Senín Vázquez e don Emilio Cortés Varela, en representación de Patrucial, S.L., mediante o que se comprometen a realizar as obras necesarias para o acondicionamento do fronte das súas parcelas, solicitando o peche do expediente referido.

Visto o informe de 15 de novembro de 2017 da enxeñeira técnica de obras públicas, que fai constar que as obras a executar cumpren co obxecto pretendido polo concello na tramitación do devandito expediente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión orzamentaria de ingresos e control financeiro, co conforme do interventor municipal, de data 17 de novembro de 2017, no que se propón a desestimación das alegacións presentadas polos motivos que nel se fan constar, e que literalmente se transcribe a continuación:

«Aprobado polo Pleno da corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2017, acordo provisional de imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da

obra "Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas", presentáronse dentro do prazo establecido ao efecto, as seguintes alegacións:

- 23-08-17 e nº de rexistro 17018038022 presenta alegacións dona María Olga Santos López, en nome e representación do grupo municipal da Asemblea Cidadá de Cambre- SON; utilizando a denominación de recurso de reposición.
- 23-08-17 e nº de rexistro 0/7409, presenta alegacións don Roberto Tejedor Cabezas.
- 24-08-17 e rexistro nº 7433, presenta recurso de reposición don Roberto Tejedor Cabezas.
- 24-08-17 e nº de rexistro 17018096543, presenta alegacións don Manuel Rivas Caridad, en nome e representación do grupo municipal Popular de Cambre.

Examinadas as mencionadas alegacións, esta Intervención considera lo seguinte:

**PRIMEIRO.**- En relación á primeira alegación levada a cabo por Asemblea Cidadá, sinalando a ausencia no expediente dunha xustificación de, por unha banda, a determinación dos beneficiarios das obras e, por outra, a aplicación da porcentaxe máxima, temos que dicir que, no informe de Intervención tívose en conta a relación de beneficiarios contida nos informes do arquitecto municipal e a porcentaxe acordada e transmitida polo concelleiro de Urbanismo.

Por outra banda, xurisprudencia recente, como a Sentencia do TSJ de Cataluña 221/2013 de 28 de febreiro, sostén ao respecto *"que la ausencia de motivación no implica necesariamente una situación de arbitrariedad administrativa, pues es perfectamente posible que la Administración haya actuado con causa lícita aunque la misma no se recoja o no se exprese en la propia resolución. En segundo lugar, la ausencia de motivación no es por sí misma una causa de nulidad de las previstas en el artículo 62 de la Ley 30/1992 sino, en todo caso, una causa de anulabilidad en los términos del artículo 63 y, para que esta causa opere se tendrá que constatar una situación de indefensión no meramente formal sino material y efectiva, como lo exige la jurisprudencia tanto constitucional como la del Tribunal Supremo (SSTS de 16 de enero de 1998 -Ar 186 - y, de 27 de noviembre de 1990 -Ar 9292-entre otras).(...)*.

*Coincidimos con tales consideraciones de la sentencia apelada, debiendo añadir que, en todo caso, la invocada falta de motivación no puede tener los efectos invalidantes que se pretenden, pues como ya hemos señalado en otras ocasiones, no puede significar la nulidad de los acuerdos de imposición de las contribuciones especiales, sino que habrá de ser en el proceso jurisdiccional, en cualquiera de las instancias, donde, a la vista de los datos disponibles -en particular, en su caso, el correspondiente dictamen pericial- se confirme el estimado por la Corporación local o se sustituya por el que se estime más ajustado a derecho.*

*En efecto (cfr., por todas, nuestra sentencia 1159/2005, de 24 de octubre de 2005), venimos repitiendo que, como es común en este tipo de controversias sobre la existencia de beneficio especial en las contribuciones especiales, nos encontramos ante un problema de valoración de las pruebas practicadas en orden a la existencia del mismo, problema que no puede resolverse con criterios genéricos y generales, sino en atención a las concretas circunstancias concurrentes en el caso enjuiciado. Y para ello resultará de ordinario definitivo el criterio expuesto por las pruebas periciales practicadas, que tienen por objeto y finalidad, conforme al art. 335 de la vigente LEC, la necesidad de conocimientos técnicos para valorar hechos o circunstancias relevantes en el asunto o adquirir certeza sobre ellos. Y el tribunal habrá de valorarlos según las reglas de la sana crítica (art. 348 de la misma LEC) (...). La realización de las obras supone un innegable aumento de valor de las propiedades afectadas y los porcentajes aplicados por el Ayuntamiento (...) pueden estimarse ni arbitrarios ni erróneos (...)"*

**SEGUNDO.**- En relación á segunda alegación de Asemblea Cidadá, entende o alegante que existe unha quebra do principio de capacidade económica, de igualdade e de xustiza no reparto por poder existir fincas no sector tamén beneficiadas e non incluídas no mesmo. Así mesmo alega a falta de motivación dos módulos de reparto elixidos.

Parece confundir o alegante os termos ordenación e aplicación do sistema tributario, posto que, segundo establece a Lei Xeral Tributaria, é a ordenación do sistema tributario a que ten que basearse na capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacer os tributos e nos principios de xustiza, xeneralidade, igualdade,

progresividade, equitativa distribución da carga tributaria e non confiscatoriedade. Sen embargo, estamos ante un acto de aplicación, que non de ordenación, establecendo a LXT que a aplicación do sistema tributario basearase nos principios de proporcionalidade, eficacia e limitación de custos indirectos derivados do cumprimento de obrigacións formais e asegurará o respecto dos dereitos e garantías dos obrigados tributarios. Así mesmo, tal e como se define cada tributo, son os impostos os que se esixen sen contraprestación e cuxo feito imponible está constituído por negocios, actos ou feitos que poñen de manifesto a capacidade económica do contribuínte. Con todo, as contribucións especiais son os tributos cuxo feito imponible consiste na obtención polo obrigado tributario dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos.

Con respecto ao reparto de cotas, o artigo 9º da Ordenanza Fiscal nº 20 reguladora das contribucións especiais (así como o artigo 32 do TRLFL), establece que a base imponible das mesmas repartirase entre os suxeitos pasivos, con carácter xeral, aplicando conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais de fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral. Polo tanto, os módulos aplicados son totalmente legais, por se tratar dos recollidos na normativa. Así, a xurisprudencia ven afirmando o feito de que as corporacións locais poden empregar un só dos módulos, varios ou todos conxuntamente, tendo en conta que, ao empregar máis dun, a ponderación dos oportunos coeficientes aplicativos verificarase pola mesma cunha ampla marxe de discrecionalidade, o que non pode converter en arbitrariedade, nin producir desequilibrios que atenten ao principio de equidistribución das cargas tributarias (STSJ Valencia 105/1998).

**TERCEIRO.-** A terceira das súas alegacións fai referencia a que na sede do catastro, as referencias catastrais ás que afecta o expediente de contribucións especiais figuran referidas á rúa Quintán e non á rúa Sixto e, nesta rúa, existen moitos máis propietarios que non foron incluídos.

**CUARTO.-** Con referencia á primeira alegación de don Roberto Tejedor Cabezas, este afirma que non sería procedente a aplicación dunha contribución especial tal e como se deduce do informe de Intervención. Con todo, esta afirmación a fundamenta precisamente nos informes do xefe da Área de Urbanismo, que lonxe de recoller a procedencia ou non da figura que se aplica, sostén a inexistencia de obrigación algunha por parte dos afectados polas contribucións especiais de levar a cabo obras de urbanización como as que se pretenden acometer e ratifica a ausencia de actuacións de carácter integral en polígonos ou unidades de actuación, feito que segundo o mesmo alegante sostén, eliminaría a figura das cotas de urbanización para financiar a obra proxectada.

**QUINTO.-** Na segunda das súas alegacións, don Roberto Tejedor Cabezas pon de manifesto a absoluta arbitrariedade á hora de establecer a porcentaxe de financiamento e na determinación dos suxeitos pasivos da contribución especial. Afirma que o concello tiña que motivar o grado de aumento de valor dos inmobles en cuestión e tiña que ter ampliado o número de suxeitos afectados cos propietarios doutras parcelas que tamén veríanse beneficiados.

Reiteramos os argumentos esgrimidos no apartado primeiro, xa que a alegación coincide coa presentada por Asemblea Cidadá .

**SEXTO.-** O grupo Popular, nas súas alegacións, non enumera as mesmas, senón que as divide en motivacións baseadas na normativa e xurisprudencia tributaria e na normativa e xurisprudencia urbanística. Esta maneira de estruturar as alegacións, sen tan sequera seguir un esquema coherente, dificulta a resolución das mesmas, polo que tentaremos resumilas en dous bloques, tal e como son enunciadas.

Polo que respecta ás motivacións tributarias, logo de limitarse a reproducir algunha das disposicións contidas na normativa e xurisprudencia, alega a falta de xustificación na proposta de alcaldía da conveniencia da imposición do tributo ao caso concreto e redundando na materia, alega que se obvia de forma “absolutamente temeraria” un elemento fundamental como é a memoria xustificativa. Neste punto reiteramos o razoamento expresado en alegacións anteriores por estar suficientemente argumentado.

Engade o escrito que o informe da “xefa de obras” non confirma a tipoloxía da obra a executar por non ser concluínte. Temos que dicir que a que elabora o informe non é xefa de obras, senón enxeñeira técnica

municipal e que a falta de conclusión que alega o recorrente parece tratarse da forma en condicional do verbo utilizado, o que parece deberse á pregunta que a enxeñeira responde co seu informe, tamén en condicional. En resumo, foi a figura gramatical o que pareceu non entender o recorrente.

Continúa as alegacións facendo referencia aos suxeitos pasivos e afirmando que a imposición do tributo se fai a só tres veciños a través dun acordo arbitrario e irrespectuoso cos principios tributarios. O alegante límitase a reproducir algunhas disposicións sen citar a concreta actividade administrativa que considera ilegal, movéndose sempre no terreo da teoría e sen precisar qué suxeitos deberían terse incluídos e por qué.

Se fai referencia así mesmo á base impositiva e á fixación arbitraria da porcentaxe do 90%, instando á nulidade do acordo, alegación que xa está contestada no primeiro apartado. Engade non terse respectado o principio de capacidade económica e aquí reiteramos as argumentacións expostas no segundo punto, por figurar nese parágrafo aclarados os conceptos mencionados.

No que se refire á publicación do acordo, o grupo Popular considera inescusable a mención expresa no mesmo da posibilidade de constitución dunha asociación administrativa de contribuíntes. Temos que indicar que figura expresamente tal mención no edicto do Boletín Oficial da Provincia nº 129 de data 10 de xullo de 2017, que anuncia a exposición ao público do expediente e que figura incluído entre a documentación facilitada aos alegantes e interesados no expediente.

Así mesmo, segundo afirma o grupo municipal do Partido Popular, o informe de Intervención prescinde totalmente das consideracións expostas no seu escrito. Segundo afirma, o informe fixa a porcentaxe do 90% para a determinación da base impositiva. Non obstante, o informe non impón, senón que parte da porcentaxe sinalada pola corporación para facer o cálculo do resto dos elementos da cota tributaria. Nin a determinación da existencia do beneficio especial nin qué suxeitos serán beneficiarios do mesmo é obxectivo do informe de Intervención, senón que parte lóxicamente dos datos contidos nos informes urbanísticos e nas instrucións indicada pola corporación, facendo referencia aos cálculos que resultan dos mesmos e do procedemento a seguir.

**SÉTIMO.**- Polo que respecta ás motivacións urbanísticas das alegacións do grupo Popular, esta Intervención considera que non é competente para efectuar a súa análise, sendo materia correspondente ao departamento de Urbanismo dada a súa especialidade.

Por todo o exposto nos puntos anteriores, se propón a desestimación das alegacións presentadas contra a aprobación provisional de imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da obra "Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas".»

Vista a providencia de Alcaldía de data 20 de novembro de 2017 na que se propón deixar sen efecto o acordo de aprobación da imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a obra referida, que é informada favorablemente na mesma data polo interventor municipal con base nas seguintes consideracións que se transcriben a continuación:

«**PRIMEIRA:** O Pleno da corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2017, acorda a aprobación provisional de imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da obra "Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas",

**SEGUNDA:** O artigo 1ª da Ordenanza Fiscal nº 20 reguladora das Contribucións especiais, establece que o feito impositivo das mesmas estará constituído pola obtención, polo suxeito pasivo, dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter municipal, por este concello.

A proposta ao Pleno pretende deixar sen efecto o acordo de imposición e ordenación de contribucións especiais para a execución da obra "Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas" e o motiva na realización da mencionada obra polos suxeitos afectados polo acordo.



Tal e como o define o artigo 1 da O.F. nº 20, o feito impositivo non existirá no caso que o concello non realice obras públicas nin estableza ou amplíe servizos, polo que sen feito impositivo non hai tributo.

**TERCEIRA:** A Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local establece que o órgano competente para aprobar o devandito acordo é o Pleno por maioría simple dos membros presentes.

Visto que a proposta cumpre co disposto na normativa aplicable, se informa favorablemente o desistimento na imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da obra “Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”.»

Por todo isto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro:** Acordar a desestimación das alegacións presentadas contra a aprobación provisional de imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da obra “Acondicionamento da fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”, con base nos fundamentos recollidos no informe do xefe da Sección de Planeamento e Xestión de data 11 de setembro de 2017, no informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 20 de setembro de 2017, e no informe de Intervención de data 17 de novembro de 2017.

**Segundo:** Aceptar o compromiso adquirido polos afectados do acordo de imposición e ordenación provisional de contribucións especiais para a execución da obra “Acondicionamento da fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”, cos seguintes requisitos:

- A execución das obras realizarase baixo a inspección dos servizos técnicos municipais. O inicio dos traballos deberá ser comunicado ao concello de maneira oficial cunha anticipación de 15 días. Unha vez realizada esta comunicación, os servizos técnicos municipais desprazaranse á zoa de obras co fin de dar o visto bo ao replanteo destas e proceder á sinatura dun acta de comprobación de replanteo.
- Dentro dos 15 días seguintes á finalización das obras, comunicarase ao concello esta circunstancia de maneira oficial para a revisión por parte dos servizos técnicos municipais e proceder á sinatura da acta de recepción destas. En caso de non poderse recibir as obras pola existencia de defectos ou erros de execución en base ao establecido no replanteo previo, fixarase un prazo para a emenda dos erros observados.
- Establecer un prazo máximo dun ano para a recepción destas obras, contado desde a aceptación polo Pleno do compromiso efectuado polos afectados polas contribucións especiais para o acondicionamento do fronte en Rúa Sixto 7A e anexas.

**Terceiro:** Desistir do procedemento incoado para imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da obra “Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”, isto de conformidade con establecido no artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, motivado en que as obras se levarán a cabo polos propios interesados, polo que non existe feito impositivo tal e como esixe o artigo 1 da ordenanza fiscal núm. 20 reguladora das contribucións especiais.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús

González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2.2. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 17/2017

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:49:31

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total 354,90 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente número 17/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 354,90 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2017/5464	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	173,94
F/2017/5691	04/12/2017	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	23,96
F/2017/5698	05/12/2017	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	23,96
F/2017/5705	05/12/2017	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	23,96
F/2017/5971	12/12/2017	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	109,08
			<b>TOTAL</b>	<b>354,90 euros</b>

**Segundo:** Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.3. Aprobación inicial da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito do Solo Apto para Urbanizar Residencial Denso núm. 1 "A Barcala" (SAU-RD1)**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:51:22

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 18 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

"En relación co proxecto de Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito do Solo Apto para Urbanizar-Residencial Denso 1 sito na Barcala - Cambre redactado polo arquitecto don José Mantiñan Soler e polo avogado don Carlos Hernández Hernández López.

Visto o informe emitido polo arquitecto-xefe da Sección de Planeamento e Xestión con data do 14 de decembro de 2017.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 18 de decembro de 2017.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a Modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito do Solo Apto para Urbanizar Residencial Denso nº 1 "A Barcala" (SAU-RD1), redactada polo arquitecto don José Mantiñan Soler.

**Segundo:** Someter este instrumento de planeamento, así como o expediente, a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 60-6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

**Terceiro:** Trasladar esta documentación a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que realice as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, de conformidade co apartado 7 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

**Cuarto:** Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixidos despois da aprobación inicial de conformidade coa lexislación vixente.

**Quinto:** Suspender o outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística ou de actividades, xa sexan licenzas ou comunicacións previas, no ámbito territorial obxecto desta modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre durante o prazo máximo de dous anos contado a partir da data da aprobación inicial deste instrumento de planeamento, que se extinguirá en todo caso coa súa aprobación definitiva, de conformidade co artigo 47-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **2.4. Aprobación, se procede, do Convenio a subscribir coa *Gerencia de Infraestruturas y Equipamiento de la Seguridad del Estado (GIESE)* para regular a cesión de uso do local destinado a Casa Cuartel da Garda Civil, sito na rúa Rosalía de Castro, O Temple, Cambre**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:11:56

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do día 18 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Visto que con data de 26 de marzo de 2004 o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria, adoptou o acordo que literalmente se transcribe a seguir:

#### **“2º.- Modificación, se procede, do acordo plenario de data 25 de marzo de 2004, relativo á cesión gratuita de uso de inmovible para instalación dun cuartel da garda civil en Cambre.”**

*A Corporación, por oito votos a prol, acordou:*

*Primeiro:* Recepciona-lo edificio construído por “Lumiera, S.L.” en cumprimento do convenio urbanístico formalizado o 4 de xuño de 1.999, esto sen prexuízo de que, segundo o informe técnico, queda aínda pendentes de executar 615,3 m<sup>2</sup> de edificación.

*Segundo:* Inscribi-lo devandito ben no Inventario dos bens municipais coa cualificación ou natureza de ben patrimonial, coa seguinte descrición:

*“Edificio ubicado na rúa Rosalía de Castro n.º 3 , O Graxal, parroquia do Temple, no municipio de Cambre, das seguintes características:*



**Lindeiros:** - Norte: parque público "Ramón Barba".  
- Sur: espacio libre entre edificios.  
- Este: rúa Luis Seoane  
- Oeste: rúa Ánxel Fole.

**Superficies:** - Planta semisoto: 240,00 m<sup>2</sup>  
- Planta baixa: 232,20 m<sup>2</sup>  
- Planta primeira: 234,20 m<sup>2</sup>  
- Planta baixo-cuberta: 221,10 m<sup>2</sup>  
- Total: 927,40 m<sup>2</sup>.

Valoración actual do inmoble: 709.741,03 euros.

*procedéndose igualmente a efectua-la correspondente inscrición no Rexistro da Propiedade.*

Terceiro: *Cede-lo uso do devandito inmoble a título gratuito a prol do Ministerio do Interior, co fin de que sexa utilizado para cuartel da Garda Civil, formalizando o oportuno convenio.*

Cuarto: *En tanto non se formalice o convenio, e dado que se procedeu ó traslado das dependencias desde a Casa das Palmeiras ó novo edificio, facer entrega deste á Garda Civil, autorizando o seu uso desde o día 31 de marzo actual.*

Quinto: *Aproba-lo borrador de convenio a formalizar co Ministerio do Interior co seguinte clausulado, e notificalo ó Ministerio do Interior para a súa aceptación ou proposta alternativa, se é o caso:*

1.- *O fin da cesión de uso en precario do edificio será a dedicación a Cuartel da Garda Civil de Cambre.*

2.- *A cesión de uso outórgase por un período a negociar, non superior a 30 anos. Transcorrido o prazo que se fixe, revertirá o devandito uso ó Concello de Cambre. Mália isto, se transcorrido o devandito prazo, o Ministerio do Interior tivese interese en continuar no uso do edificio, adoptárase o correspondente acordo polo Pleno da Corporación, e se formalizará un novo convenio nas condicións que ámbalas dúas partes estipulen.*

3.- *No suposto de que o edificio deixase de ser utilizado para a finalidade obxecto da cesión de uso, ou se incumprisen calquera das cláusulas establecidas no convenio, considerárase resolta a cesión e o dereito reverterá ó Concello. Igualmente reverterá ó Concello se o inmoble non fose dotado e ocupado efectivamente no prazo dun mes desde a sinatura do convenio.*

4.- *A reversión do ben realizarase en adecuado estado de conservación e funcionamento e sen máis deterioracións que as que fosen consecuencia do seu normal uso e utilización para os fins establecidos.*

5.- *O Ministerio do Interior asume o compromiso de conserva-lo inmoble nas condicións que permitan o seu normal uso para o fin ó que está destinado, e serán da súa conta:*

- *Os gastos de conservación e mantemento do inmoble do que se cede o seu uso.*
- *Os gastos que se deriven do uso normal tales como limpeza, subministración eléctrica, calefacción, teléfono, gas, auga, ascensor, seguridade, alarma, detección e extinción de incendios, etc., incluídas as reparacións e reposicións por avarías ou danos.*

6.- *No suposto de que por parte do Ministerio do Interior se estime necesario levar a cabo obras de reparación ou mellora do inmoble, que serán da súa conta, deberá solicita-la correspondente autorización ó Concello, con presentación do proxecto, esto sen prexuízo de que se poida*

*formalizar un convenio de colaboración entre ámbalas dúas Administracións para o seu financiamento. En todo caso, os investimentos efectuados quedarán en beneficio do inmovible.*

*7.- O Ministerio do Interior faise responsable de cantos danos se poidan ocasionar a terceiras persoas ou ás cousas, ó inmovible ou ó seu contido. A este respecto, subscribirá unha póliza de seguros a todo risco que cubra a responsabilidade civil derivada do uso do local, perdas ou danos materiais, robo, incendios, inundacións e outros danos, que se manterá durante todo o período da cesión. Deberase entregar unha copia no Departamento de Patrimonio para constancia no expediente.*

*8.- Unirase ó convenio un anexo no que se relacionen os bens mobles dos que o seu uso en precario cédese igualmente ó Ministerio do Interior para a súa instalación no edificio destinado a Cuartel da Garda Civil, sendo de conta do cesionario a obriga de mantelos en perfecto estado, o seu mantemento e as reparacións a que houbese lugar.*

*9.- Por parte do Ministerio do Interior procederase á práctica do correspondente asento de cesión no Rexistro da Propiedade, indicando o fin ó que debe destinarse o edificio e mailas condicións ou cargas que leva consigo a cesión.*

Sexto: *Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia no que se faga constar a cesión acordada.”*

Visto que consta no expediente a “*acta de entrega – recepción correspondente á cesión gratuíta do uso dun inmovible para a instalación dun cuartel da Garda Civil*” asinada polo alcalde do Concello de Cambre e o Xeneral – Xefe da XV Zona da Garda Civil con data de 31 de marzo de 2004.

Visto que consta no expediente a “*relación de equipamento correspondente ao edificio destinado a cuartel da Garda Civil, sito na rúa Rosalía de Castro nº3-O Graxal (O Temple – Cambre)*”, asinada con data de 23 de novembro de 2004.

Visto que con data de 19 de xaneiro de 2017 rexistrouse de saída, ao número 0/316, escrito asinado polo señor alcalde dirixido ao Ministerio do Interior no que se expoñía:

*“O Pleno do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria e urxente de data 26 de marzo de 2004, acordou ceder o uso do edificio situado na rúa Rosalía de Castro nº 3, a título gratuíto, a favor do Ministerio do Interior, para o seu uso como cuartel da Garda Civil, aprobando o borrador de convenio a formalizar entre ambas as Administracións e a súa clausulado.*

*Na súa cláusula quinta, punto 2, establécese que o período da cesión de uso será “a negociar, non superior a 30 anos”.*

*Con data 28 de abril de 2004 rexistrouse de saída, ao nº 2523, escrito dirixido ao Ministerio do Interior ao que se lle achegaba certificación do citado acordo plenario e outorgábase o prazo dun mes para que manifestase a súa conformidade ou ben as súas propostas de modificación ao devandito convenio.*

*Con data 31 de marzo de 2004, efectuouse a entrega e recepción do devandito edificio.*

*O 3 de decembro de 2004 rexistrouse de saída, ao nº 7273, escrito dirixido ao Ministerio do Interior no que se reitera dita petición, concedendo un novo prazo de dez días.*

*A piques de cumprirse 13 anos da entrega do edificio, e non rexistrándose neste Concello resposta algunha por parte do Ministerio do Interior, o período de uso segue sen concretarse e o citado convenio pendente de formalización en documento administrativo, polo que, a medio do presente dáselle traslado novamente do seu contido co fin de que todas as súas cláusulas sexan concretadas e devandito documento quede formalizado administrativamente mediante a súa sinatura por ambas as partes ante a Secretaria Xeral deste Concello, esperando a súa resposta no prazo máis breve posible.*

*De non atenderse o presente escrito no prazo dun mes desde o día seguinte á súa recepción, procederáse á incoación do oportuno expediente de reversión do mencionado edificio a esta Entidade Local”.*

Copia do mesmo escrito dirixiuse ao Posto Principal da Garda Civil de Cambre nesa data.

Visto que con data de 24 de xullo de 2017 rexistrouse de entrada, ao número 0/6804, escrito da Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado ao que achega o borrador de “*Convenio de Colaboración entre o Concello de Cambre (A Coruña) e o Organismo Autónomo Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado (GIESE), para a cesión gratuíta do uso dun inmovible, propiedade do Concello, como acuartelamento da Garda Civil na localidade*”, nos termos que literalmente se transcriben:

*“Dunha parte: D. José Antonio Nieto Ballesteros, Secretario de Estado de Seguridade, cargo para o que foi nomeado mediante Real Decreto 497/2016, de 18 de novembro, actuando en nome e representación do O.A. Gerencia de Infraestructuras e Equipamiento da Seguridade do Estado (en diante GIESE) de acordo coas competencias que lle atribúe, en relación co mencionado Organismo Autónomo, a Disposición Transitoria Cuarta do Real decreto 400/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio do Interior e en virtude do previsto no artigo 21.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas e no artigo 12 do Estatuto orgánico da GIESE, aprobado por Real decreto 2823/1998, do 23 de decembro.*

*E doutra parte: D. Óscar García Patiño, Alcalde-Presidente do Concello de Cambre (A Coruña), intervén en nome e representación de devandita entidade local, actuando no exercicio das funcións inherentes ao cargo para o que foi elixido e ao amparo das competencias que o artigo 21, parágrafo primeiro, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local lle outorga.*

*Ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a formalización do presente Convenio de Colaboración e para tal fin,*

## **EXPOÑEN:**

### **I**

*A GIESE é un organismo autónomo do Ministerio do Interior, dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración do Estado, creado polo artigo 53 da Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, ao que se lle atribúen, entre outras funcións, a de adquirir bens inmoebles para a súa afectación aos fins da seguridade do Estado.*

### **II**

*Que o Concello de Cambre pon de manifesto que é propietario do inmovible que se indica a continuación:*

*Edificio situado na rúa Rosalía de Castro núm. 3, O Graxal, parroquia do Temple, no municipio de Cambre, coas seguintes superficies:*

<i>-Planta semisótano:</i>	<i>240,00 m2.</i>
<i>-Planta baixa:</i>	<i>232,20 m2.</i>
<i>-Planta primeira:</i>	<i>234,20 m2.</i>
<i>-Planta baixo-cuberta:</i>	<i>221,10 m2.</i>
<i>-Total:</i>	<i>927,40 m2.</i>

*Inscripción Registral: Leira Nº xxxx, Tomo xxxxx, Libro xxxxx, Folio xxx. REXISTRO DA PROPIEDAD Nº xx DE xxxxxxxxxxxxxxxxx.*

*Referencia Catastral: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx*

### III

O Concello de Cambre (A Coruña) estaba interesado en contribuír para a instalación da Unidade Territorial da Garda Civil na Localidade, mediante a cesión gratuíta do uso do inmovible da súa propiedade indicado no Expositivo anterior como Acuartelamento para o citado Corpo, o que redundaría no indubidable beneficio para os habitantes da localidade. Para o que en Acordo do Pleno da localidade de data 26 de marzo de 2004, acordou a cesión do uso do inmovible indicado no Expositivo anterior a favor do Ministerio do Interior, co fin de que fose utilizado para cuartel de devandito Corpo, mediante o oportuno Convenio de Colaboración que contemple as condicións da apuntada cesión.

O citado inmovible atópase ocupado pola Garda Civil, que o utiliza como sede da Unidade Territorial na localidade, desde o 31 de marzo de 2004, sen que se chegase a formalizar o Convenio apuntado.

### IV

Que ambas partes consideran conveniente dar cumprimento ao acordado polo Pleno Municipal mencionado no Expositivo anterior, para o cal, en virtude do establecido no artigo 55 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, deciden subscribir o presente Convenio, con suxeición ás seguintes,

### CLÁUSULAS:

#### **PRIMEIRA.- Obxecto.**

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións en que se levará a cabo a cesión gratuíta do uso do inmovible indicado no Expositivo II, por parte do Concello de Cambre a favor do Ministerio do Interior - Garda Civil, para a utilización e uso deste Corpo, aínda que a formalización da referida cesión de uso realizárase a través do Organismo Autónomo Xerencia de Infraestructuras e Equipamiento da Seguridade do Estado, dependente do Ministerio do Interior, que o acepta, para a súa posterior afectación ao Estado, con obxecto da súa utilización por devandito Corpo.

#### **SEGUNDA.- Condicións da cesión gratuíta do uso do inmovible.**

1.- A cesión gratuíta do uso do citado inmovible outórgase polo prazo de TRINTA (30) anos, contado a partir da data de ocupación do inmovible indicada no Expositivo III, isto é, o 31 de marzo de 2004. Transcorrido o devandito prazo o inmovible reverterá ao Concello, non obstante, se nese momento o Ministerio do Interior tivese interese en continuar no uso do edificio, o Concello mediante Acordo do Pleno municipal, poderá acordar a súa continuidade, que se formalizará mediante o documento de colaboración que nese momento ambas partes acorden.

2.- No caso de que o edificio deixase de ser utilizado para a finalidade obxecto da cesión de uso, considerarase resolta a cesión e o dereito reverterá ao Concello.

3.- A reversión do ben realizárase en adecuado estado de conservación e funcionamento sen máis deterioro que o que fose consecuencia do seu normal uso e utilización para os fins establecidos.

4.- Os gastos de conservación e mantemento do inmovible do que se cede o uso, así como os gastos que se deriven da súa utilización e subministracións, así como reparacións e reposicións por avarías ou danos, serán asumidos polo usuario, neste caso a Dirección Xeral da Garda Civil.

5.- No caso de que sexa necesario levar a cabo obras de reparación ou mellora do inmovible, será a cargo do usuario, que deberá solicitar autorización ao Concello, con presentación do proxecto, sen prexuízo de que se poida formalizar un convenio de colaboración entre ambas administracións para o seu



*financiamento. En todo caso, os investimentos efectuados quedarán en beneficio do inmovible.*

*6.- Durante o prazo de duración da cesión, a Dirección Xeral da Garda Civil garantirá un servizo de 24 horas ao día os 365 días do ano, cun mínimo de 32 axentes con dedicación preferente a este termo municipal”.*

#### **TERCEIRA.- Titularidade dos dereitos obxecto do Convenio.**

*O Concello de Cambre seguirá ostentando a propiedade do inmovible obxecto do presente Convenio. En virtude do anterior e do presente Convenio, o Concello comprométese a sufragar os gastos que da dita titularidade poidan derivarse.*

#### **CUARTA.- Comisión Mixta.**

*Para a execución, seguimento e interpretación do presente Convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante do Concello de Cambre, un da Dirección Xeral da Garda Civil e un da GIESE, ostentando a presidencia o alcalde do Concello de Cambre ou persoa en quen delegue.*

*Cada unha das administracións representadas poderá estar asistida polos técnicos que considere convenientes.*

*A Comisión Mixta, na súa constitución e funcionamento sométese ás previsións da Sección 3ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

#### **QUINTA.- Prazo de vixencia e resolución.**

*A vixencia do presente Convenio, terá unha vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura, non obstante, de non conseguirse o seu obxectivo (isto é, a cesión e ocupación do inmovible municipal), en calquera momento antes de finalización do dito prazo, ambas partes poderán acordar unanimemente unha prórroga por un período de ata outros catro anos máis, e poderá ser resolto polas seguintes causas:*

*a) Por denuncia dunha das partes que se basease no incumprimento de calquera das súas cláusulas, nese caso a parte asinante incumplidora indemnizará á outra parte asinante polos danos e prexuízos que a esta última ocasiona.*

*b) Por mutuo acordo das partes.*

#### **SEXTA.- Aprobación e xurisdición.**

*O presente Convenio interadministrativo ten a natureza xurídica que lle atribúen os artigos 186 e 187 da Lei 33/2003, pois o seu fin é ordenar as relacións de carácter patrimonial e urbanístico e por aplicación do artigo 4.1.p) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, queda excluído do ámbito de aplicación da citada Lei, foi aprobado pola Comisión Delegada do Consello Rector da GIESE na súa reunión de data ----- e polo Pleno do Concello de Cambre en sesión de data ----- e o mesmo ten natureza administrativa, de maneira que as controversias que poidan xurdir no seu cumprimento, de non ser resoltas de común acordo polas partes serán sometidas á Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

*E para que conste e produza os efectos oportunos, esténdese e asínase por duplicado exemplar no lugar e data indicados”.*

Visto que o inmovible, segundo se deriva da certificación catastral descriptiva e gráfica, correspóndese coa referencia 2366418NH5926N0001EM e, así mesmo, atópase codificado no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre ao número 1A.11.011, describíndose como “Cuartel da Garda Civil”.

Así mesmo, no Inventario o inmovible tamén se incluíu baixo o epígrafe “bens revertibles”, co código 8.11.0001.

Visto o informe emitido con data de 18 de decembro actual pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral.

Á vista de todo o anterior, propono ao Pleno da Corporación a **adopción dos acordos** que se conteñen no citado informe:

**Primeiro:** Aprobar o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Cambre (A Coruña) e o Organismo Autónomo Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado (GIESE), para a cesión gratuíta de uso dun inmovible, propiedade do Concello, como acuartelamento da Garda Civil na localidade”, tal e como se transcribe a continuación:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA) E O ORGANISMO AUTÓNOMO GERENCIA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMIENTO DE LA SEGURIDAD DEL ESTADO (GIESE), PARA A CESIÓN GRATUITA DO USO DUN INMOBLE, PROPIEDAD DO CONCELLO, COMO ACUARTELAMENTO DA GARDA CIVIL NA LOCALIDADE:**

*En Cambre, a ..... de .....*

*“Dunha parte, don José Antonio Nieto Ballesteros, Secretario de Estado de Seguridade, cargo para o que foi nomeado mediante Real Decreto 497/2016, do 18 de novembro, actuando en nome e representación do O.A. Gerencia de Infraestruturas e Equipamiento da Seguridade do Estado (en diante GIESE) de acordo coas competencias que lle atribúe, en relación co mencionado Organismo Autónomo, o Real Decreto 770/2017, do 28 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio del Interior e en virtude do previsto no artigo 21.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas e no artigo 12 do Estatuto orgánico da GIESE, aprobado por Real Decreto 2823/1998, do 23 de decembro.*

*Doutra parte, don Óscar García Patiño, Alcalde-Presidente do Concello de Cambre (A Coruña), intervén en nome e representación de devandita entidade local, actuando no exercicio das funcións inherentes ao cargo para o que foi elixido e ao amparo das competencias que o artigo 21, parágrafo primeiro, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local lle outorga.*

*En exercicio da función de fe pública atribuída polo artigo 2.h) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral do Concello de Cambre.*

*As partes recoñécense capacidade legal suficiente para a formalización do presente Convenio de Colaboración e para tal fin,*

**EXPOÑEN:**

**I**

*A GIESE é un organismo autónomo do Ministerio do Interior, dos previstos no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, creado polo artigo 53 da Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, ao que se lle atribúen, entre outras funcións, a de adquirir bens inmoibles para a súa afectación aos fins da seguridade do Estado.*

**II**

*Que o Concello de Cambre pon de manifesto que é propietario do inmovible que se indica a continuación:*

*Edificio situado na rúa Rosalía de Castro núm. 3, O Graxal, parroquia do Temple, no municipio de Cambre, coas seguintes superficies:*

-Planta semisótano:	240,00 m <sup>2</sup> .
-Planta baixa:	232,20 m <sup>2</sup> .
-Planta primeira:	234,20 m <sup>2</sup> .
-Planta baixo-cuberta:	221,10 m <sup>2</sup> .
-Total:	927,40 m <sup>2</sup> .

Código no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre: 1A.11.011 Cuartel da Garda Civil.

Referencia Catastral: 2366418NH5926N0001EM.

### III

*O Concello de Cambre (A Coruña) estaba interesado en contribuír para a instalación da Unidade Territorial da Garda Civil na Localidade, mediante a cesión gratuíta do uso do inmovible da súa propiedade indicado no Expositivo anterior como Acuartelamento para o citado Corpo, o que redundaría no indubidable beneficio para os habitantes da localidade. Para o cal en Acordo do Pleno da localidade de data 26 de marzo de 2004, acordou a cesión do uso do inmovible indicado no Expositivo anterior a favor do Ministerio do Interior, co fin de que fose utilizado para cuartel de devandito Corpo, mediante o oportuno Convenio de Colaboración que contemple as condicións da apuntada cesión.*

*O citado inmovible atópase ocupado pola Garda Civil, que o utiliza como sede da Unidade Territorial na localidade desde o 31 de marzo de 2004, segundo se deriva da "acta de entrega – recepción correspondente á cesión gratuíta do uso dun inmovible para a instalación dun cuartel da Garda Civil" asinada polo alcalde do Concello de Cambre e o Xeneral – Xefe da XV Zona da Garda Civil con data de 31 de marzo de 2004, sen que se chegase a formalizar o Convenio citado.*

### IV

*Que ambas partes consideran conveniente dar cumprimento ao acordado polo Pleno Municipal mencionado no Expositivo anterior, para o cal, en virtude do establecido no artigo 55 da Lei 7/1985, do 2 abril, de bases do réxime local, deciden subscribir o presente Convenio, con suxeición ás seguintes,*

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- Obxecto.**

*O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións en que se levará a cabo a cesión gratuíta do uso do inmovible indicado no Expositivo II por parte do Concello de Cambre a favor do Ministerio do Interior - Garda Civil, para a utilización e uso deste Corpo, aínda que a formalización da referida cesión de uso realizárase a través do Organismo Autónomo Xerencia de Infraestructuras e Equipamiento da Seguridade do Estado, dependente do Ministerio do Interior, que o acepta, para a súa posterior afectación ao Estado, con obxecto da súa utilización por devandito Corpo.*

#### **SEGUNDA.- Condicións da cesión gratuíta do uso do inmovible.**

*1.- A cesión gratuíta do uso do citado inmovible outórgase polo prazo de TRINTA (30) anos, contado a partir da data de ocupación do inmovible indicada no Expositivo III, isto é, o 31 de marzo de 2004. Transcorrido o devandito prazo, o inmovible reverterá ao Concello, non obstante, se nese momento o Ministerio do Interior tivese interese en continuar no uso do edificio, o Concello mediante Acordo do Pleno*

*municipal, poderá acordar a súa continuidade, que se formalizará mediante o documento de colaboración que nese momento ambas partes acorden.*

*2.- No caso de que o edificio deixase de ser utilizado para a finalidade obxecto da cesión de uso, considerarase resolta a cesión e o dereito reverterá ao Concello.*

*3.- A reversión do ben realizarase en adecuado estado de conservación e funcionamento sen máis deterioro que o que fose consecuencia do seu normal uso e utilización para os fins establecidos.*

*4.- Os gastos de conservación e mantemento do inmovible do que se cede o uso, así como os gastos que se deriven da súa utilización e subministracións, así como reparacións e reposicións por avarías ou danos, serán asumidos polo usuario, neste caso a Dirección Xeral da Garda Civil.*

*5.- No caso de que sexa necesario levar a cabo obras de reparación ou mellora do inmovible, será a cargo do usuario, que deberá solicitar autorización ao Concello, con presentación do proxecto, sen prexuízo de que se poida formalizar un convenio de colaboración entre ambas administracións para o seu financiamento. En todo caso, os investimentos efectuados quedarán en beneficio do inmovible.*

*6.- Durante o prazo de duración da cesión, a Dirección Xeral da Garda Civil garantirá un servizo de 24 horas ao día os 365 días do ano, cun mínimo de 32 axentes con dedicación preferente a este termo municipal”.*

#### **TERCEIRA.- Titularidade dos dereitos obxecto do Convenio.**

*O Concello de Cambre seguirá ostentando a propiedade do inmovible obxecto do presente Convenio. En virtude do anterior e do presente Convenio, o Concello comprométese a sufragar os gastos que da dita titularidade poidan derivarse.*

#### **CUARTA.- Comisión Mixta.**

*Para a execución, seguimento e interpretación do presente Convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante do Concello de Cambre, un da Dirección Xeral da Garda Civil e un da GIESE, ostentando a presidencia o alcalde do Concello de Cambre ou persoa en quen delegue.*

*Cada unha das administracións representadas poderá estar asistida polos técnicos que considere convenientes.*

*A Comisión Mixta, na súa constitución e funcionamento sométese ás previsións da Sección 3ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

#### **QUINTA.- Prazo de vixencia e resolución.**

*Tendo en conta o establecido na cláusula segunda, punto primeiro, respecto a que a cesión gratuíta do uso do citado inmovible outórgase polo prazo de trinta anos, contado a partir da data de ocupación do inmovible (31 de marzo 2004), o presente Convenio, en aplicación dos artigos 49.4.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e 111, 186 e 187 da Lei 33/2003, do 23 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de marzo de 2034 podendo, non obstante, ser resolto polas seguintes causas:*

*1. Por denuncia dunha das partes que se basease no incumprimento de calquera das súas cláusulas, en cuxo caso a parte asinante incumpridora indemnizará á outra parte asinante polos danos e prexuízos que a esta última ocasiona.*

*2. Por mutuo acordo das partes.*



### **SEXTA.- Aprobación e xurisdición.**

O presente Convenio interadministrativo ten a natureza xurídica que lle atribúen os artigos 186 e 187 da Lei 33/2003, pois o seu fin é ordenar as relacións de carácter patrimonial e urbanístico e por aplicación do artigo 4.1.p) do Real decreto legislativo 3/2011, do de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, queda excluído do ámbito de aplicación da citada Lei, foi aprobado pola Comisión Delegada do Consello Rector da GIESE na súa reunión de data ----- e polo Pleno do Concello de Cambre en sesión de data ----- e o mesmo ten natureza administrativa, de maneira que as controversias que poidan xurdir no seu cumprimento, de non ser resoltas de común acordo polas partes serán sometidas á Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E para que conste e produza os efectos oportunos, esténdese e asínase por duplicado exemplar no lugar e data indicados”.

**Segundo:** Formalizar o presente Convenio en documento administrativo e, posteriormente, inscribilo no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos do sector público estatal e publicalo no *Boletín Oficial do Estado*; isto, de conformidade co establecido no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**Terceiro:** Incorporar o presente Convenio ao Inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre, de conformidade co artigo 32.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas e cos artigos 17 e 28 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

**Cuarto:** Inscribir o citado inmovible así como o presente Convenio no Rexistro da Propiedade; isto, de conformidade cos artigos 36 e 113.2 da Lei 33/2003 e 36 do RD 1372/1986.

**Quinto:** Notificar o presente acordo á Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado (GIESE) e ao Posto Principal da Garda Civil de Cambre.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.5. Modificación, se procede, da Ordenanza reguladora da venda ambulante en Cambre, para a súa adaptación á Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, en relación co prazo de duración das autorizacións**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:27:55

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Visto a Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre, aprobada pola Corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 26 de abril de 2012, e publicada integramente no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 137, do 19 de xullo de 2012. Vista a súa modificación publicada no BOP número 7 de 13 de xaneiro de 2016.

Visto o informe emitido no día de hoxe pola axente de emprego e desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre, no seu artigo 19, do xeito que de seguindo se expón:

Modificar o artigo 19.3.- Duración das autorizacións, nos seguintes termos:

19.3.- Duración das autorizacións. As autorizacións outorgaranse por tempo determinado. O seu prazo de duración será de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos, logo de solicitude, cunha antelación mínima de quince días naturais á data de finalización da autorización vixente, debendo permitirse en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa de capitais investidos”

**Segundo:** Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

**Cuarto:** A modificación entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**2.6. Modificación, se procede, da composición da Mesa de coordinación interinstitucional de violencia de xénero do Concello de Cambre**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:29:56

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Visto que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do día vinte e seis de agosto de dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**«2ª Proposta de modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación o 27 de maio de 2010, respecto da creación da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero»**

*Vista a proposta da concelleira delegada de Políticas de igualdade e participación da muller, Información e asesoramento da xuventude, Ocio e tempo libre de data 19 de agosto de 2010.*

*Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo de data 24 de agosto de 2010.*

*A corporación, por nove votos a prol, acordou:*

*Modificar os apartados primeiro e segundo do acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión ordinaria de data 27 de maio de 2010, respecto da creación da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, que quedarán redactados do seguinte xeito:*

*“Primeiro: Crear, con carácter permanente, a Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, como órgano consultivo do Concello de Cambre, co obxecto de coordinar as actuacións na prevención, asistencia e protección ás vítimas de violencia de xénero.*

*Segundo: A Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero integrarase polos membros seguintes:*

- *Alcalde ou persoa en quen delegue*
- *A concelleira de Políticas de igualdade e Participación da muller*
- *Xefe/a do Servizo ou Unidade de violencia de xénero da Subdelegación do Goberno ou persoa en quen delegue*
- *A secretaria da corporación ou persoa en quen delegue*
- *O/a técnico/a que teña asignadas as funcións de Igualdade no Concello de Cambre*
- *Un/ha traballadora social de Servizos Sociais*
- *Xefe da Policía Local ou persoa en quen delegue*
- *oficial-comandante do posto principal da Garda Civil ou persoa en quen delegue*
- *Un/ha representante dos centros de saúde*
- *Un/ha representante do Xulgado de Violencia de Xénero*
- *Un/ha representante dos CEIPs*
- *Un/ha representante dos IES*
- *Un/ha representante do EMUME “equipo muller-menor” da Garda Civil”»*

Visto que con data de 30 de marzo de 2016 o Pleno da Corporación acordou nomear representante do Concello a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, adaptando este órgano á nova Corporación.

Visto que na Guía práctica para a constitución das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero” publicada na páxina web da Secretaría xeral da igualdade da vicepresidencia, consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza “mulleres en Galicia”, defínese este órgano como “un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero, co obxecto de procurar unha maior eficiencia da resposta ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero”.

Visto que, en canto á súa composición, a guía establece que:

*“na MLC debe haber representación de todos os axentes que dentro do ámbito local estean involucrados, directa ou indirectamente, na materia.*

*A presidencia da Mesa debería asumir a alcalde ou a alcaldesa do concello, ou concelleiro/a en quen delegue, e a secretaría asumir a persoa técnica que se designe por parte da concellaría competente en materia de violencia de xénero:*

- *Presidencia: Alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue*
- *Secretaría: Técnico/a concellaría competente en violencia de xénero*
- *Concelleiro/a competente en violencia de xénero*
- *CIM*
- *Policía local*
- *Forzas e corpos de seguridade do Estado*
- *Centros educativos*
- *Servizos sanitarios*
- *Servizos sociais de atención primaria*
- *Outros axentes (ámbito xurídico, colexios avogados/as -quenda oficio vx, emprego...etc)”*

Visto o informe emitido pola secretaría xeral con data de 17 de novembro de 2017.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación.

Por todo o exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Modificar a composición da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, órgano consultivo do Concello de Cambre, que quedaría integrada tal e como se relaciona a continuación:

- Presidencia: Alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue
- Vogais:
  - Concelleiro/a competente na materia de violencia de xénero
  - Un representante do Centro de Información á Muller
  - Xefe da policía local ou persoa en quen delegue
  - Oficial-comandante do posto principal da Garda Civil ou persoa en quen delegue
  - Un representante de cada un dos centros educativos do termo municipal
  - Un representante dos servizos sanitarios
  - A coordinadora municipal de servizos sociais ou persoa en quen delegue
  - Xefe/a do Servizo ou Unidade de violencia de xénero da Subdelegación do Goberno ou persoa en quen delegue
  - Un/ha representante do Xulgado de Violencia de Xénero
  - Un/ha representante do EMUME “equipo muller-menor” da Garda Civil”
- Secretaría: Técnico/a da área que teña encomendada a materia de violencia de xénero designado/a pola concellaría competente.

**Segundo:** Notificar o presente acordo aos compoñentes da mesa así como aos organismos representados.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 21 de decembro de 2017.

Faise constar que don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, tras consulta aos técnicos municipais, acéptase a petición realizada nas comisións informativas do día 21,



respecto da inclusión na mesa dun concelleiro pertencente a cada un dos grupos municipais na oposición.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación do punto primeiro dos acordos, no que se inclúen como integrantes da Mesa de coordinación a un concelleiro o concelleira de cada grupo municipal da oposición, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta coa seguinte parte dispositiva:

**Primeiro:** Modificar a composición da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, órgano consultivo do Concello de Cambre, que quedaría integrada tal e como se relaciona a continuación:

- Presidencia: Alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue
- Vogais:
  - Concelleiro/a competente na materia de violencia de xénero
  - Un representante do Centro de Información á Muller
  - Xefe da policía local ou persoa en quen delegue
  - Oficial-comandante do posto principal da Garda Civil ou persoa en quen delegue
  - Un representante de cada un dos centros educativos do termo municipal
  - Un representante dos servizos sanitarios
  - A coordinadora municipal de servizos sociais ou persoa en quen delegue
  - Xefe/a do Servizo ou Unidade de violencia de xénero da Subdelegación do Goberno ou persoa en quen delegue
  - Un/ha representante do Xulgado de Violencia de Xénero
  - Un/ha representante do EMUME “equipo muller-menor” da Garda Civil
  - Un/ha concelleiro/a de cada un dos grupos municipais da oposición
- Secretaría: Técnico/a da área que teña encomendada a materia de violencia de xénero designado/a pola concellaría competente.

**Segundo:** Notificar o presente acordo aos compoñentes da mesa así como aos organismos representados.

**2.7. Aprobación, se procede, do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Carral para a organización da liga/copa intermunicipal de fútbol sala Cambre-Carral 2017/2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:31:36

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do día 15 de decembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

«Os Concellos de Cambre e Carral exercen competencias propias na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Vistas as numerosas demandas de entidades deportivas e grupos de mozos dos Concellos de Cambre e Carral para a promoción/organización dunha liga de fútbol sala entre ambos concellos.

Visto o informe-proposta do animador deportivo municipal, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no que se achega o convenio de colaboración e condicións técnicas para a organización, entre os concellos de Cambre e Carral, dunha competición de liga e copa de fútbol sala.

Visto o documento asinado pola Alcaldía do Concello de Carral, co nº de rexistro de entrada 2/2417 de data 15 de decembro de 2017, onde se adquire o compromiso de aprobación, polo órgano competente, do convenio de referencia, así como o compromiso de dotar orzamentariamente a achega económica correspondente ao Concello de Carral, segundo as cláusulas do convenio, e achegar durante o mes de xaneiro a acreditación da retención de crédito.

Visto que existe crédito na aplicación 341.22609 do Concello de Cambre para facer fronte aos gastos derivados da contratación do servizo, emitíndose o correspondente documento de retención de crédito pola Intervención municipal.

Visto o informe emitido ao borrador do convenio pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral do Concello de Cambre e do interventor da Corporación, con data 15 de decembro de 2017, no que se fai constar que corresponde ao Pleno a aceptación da delegación de competencias feitas por outras administracións públicas, así como que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos en materia de transferencia e delegación de funcións ou actividades noutras administracións públicas.

En aplicación do disposto nos artigos 22.2 g) e 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 64.2 i) e 215.3 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Carral para a organización da liga/copa intermunicipal de fútbol sala Cambre-Carral 2017/18, cuxo contido se transcribe literalmente a continuación:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E O CONCELLO DE CARRAL PARA A ORGANIZACIÓN DA LIGA / COPA INTERMUNICIPAL DE FÚTBOL SALA CAMBRE-CARRAL 2017/2018**

*En Cambre, ..... de ..... de 2017*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, o CONCELLO DE CAMBRE, co CIF P-1501700G, domicilio en Atrio, 1 - Cambre (15660 A Coruña), e no seu nome e representación don Óscar A. García Patiño, na súa condición de Alcalde-Presidente*

*Doutra parte, o CONCELLO DE CARRAL, co CIF: XXXXXX, domicilio en r/XXXXXXXX, e no seu nome e representación don José Luis Fernández Mouriño, na súa condición de Alcalde-Presidente.*

*Perante min, dona MARIA LUISA DE LA RED AMPUDIA, secretaria xeral do Concello de Cambre, cumprindo cos acordos plenarios do Concello de Cambre de data --- de --- de 2017 e do Concello de Carral de data --- de --- de 2017, nos que se aprobou o texto e mailo Anexo I do presente convenio, e tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e artigo 1255 do Código Civil, formalizan o presente convenio de colaboración.*

*Ambas partes, recoñécense mutuamente, co carácter en que interveñen, capacidade legal para formalizar o presente Convenio, e para tal efecto*

### **EXPOÑEN**

*1.- Os Concellos de Cambre e Carral exercen competencias propias na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*2.- Existen numerosas demandas de entidades deportivas e grupos de mozos dos concellos de Cambre e Carral para a promoción/organización dunha liga de fútbol sala entre ambos concellos, polo que as concellarías de Deportes de Cambre e Carral pretenden aunar esforzos para organizar unha liga e copa intermunicipais durante a tempada 2017/2018.*

*3.- A fórmula de convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas de competencia das entidades locais galegas figura recollida no artigo 60 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.*

*Estes convenios poderán prever o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común, como servizos destinados ás entidades locais participantes.*

*En virtude do anterior acórdase a sinatura do presente Convenio de Colaboración, o cal rexerese polas seguintes*

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*Este Convenio ten por obxecto establecer un marco legal xeral de colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Carral para levar a cabo a execución do servizo de "organización da liga e copa intermunicipal de fútbol-sala Cambre-Carral durante a tempada 2017-2018".*

*A contratación das actuacións recollidas neste convenio para a satisfacción da necesidade conxunta escrita, realizarase baixo a modalidade de concorrencia subxectiva na posición do contratante: ambos concellos quedan obrigados respecto do contratista, concorrendo a cotitularidade do contrato e ambos Concellos serán responsábeis directos da obriga de pagamento das cantidades comprometidas, con base no disposto neste convenio.*

*O órgano de contratación ao que lle corresponda a tramitación e adxudicación do contrato actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta de todos os participantes con base neste convenio, e poderá exercer todas as potestades que a lexislación recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da axeitada coordinación nas relacións internas entre ambos concellos.*

## **SEGUNDA.- ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO E ORZAMENTO**

*O alcance do servizo a executar ao amparo deste Convenio está determinado nas prescricións técnicas que se achegan como Anexo I ao presente convenio.*

## **TERCEIRA.- CONTRATACIÓN**

- *Tendo en conta que o número de equipos que se prevé que participen na liga/copa é de dez (dos cales 6 pertencen ao Concello de Cambre e 4 ao de Carral), a tramitación e adxudicación do correspondente procedemento de contratación da execución do referido servizo atribúese ao Concello de Cambre, que actuará por conta de ambos participantes neste convenio.*
- *Corresponderalle ao Concello de Cambre a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e características do servizo, no seu caso, e de calquera outra documentación que deba formar parte do expediente de contratación.*
- *Para poder iniciar a tramitación do procedemento de contratación, haberá de acreditarse no expediente a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación a este de*
  - *certificacións dos acordos de aprobación do convenio*
  - *o convenio formalizado*
  - *os certificados de existencia de crédito para financiar as respectivas achegas de ambos Concellos e a documentación que acredita a súa retención.*
- *Aos efectos do artigo 109 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e en relación co disposto polo artigo 15 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector autonómico, dispónse que non é preciso que o expediente de contratación inclúa a esixencia aos órganos de contratación dos respectivos concellos da formalización dunha garantía da súa achega.*
- *Unha vez adxudicado o correspondente contrato, o Concello de Cambre remitirá ao de Carral unha certificación dos correspondentes acordos, mediante a utilización do sistema de interconexión de rexistros "SIR"*

## **CUARTA.- FINANCIAMENTO. PAGAMENTOS AO CONTRATISTA**

- *O importe máximo das obrigas a asumir por ambos concellos con cargo ao presente convenio, correspondentes ao importe total de licitación do servizo para o desenvolvemento da liga e copa segundo as condicións adxuntas, fíxase en 14.931,40 euros (IVA incluído).*

*O importe a financiar adaptarase aos importes de adxudicación do contrato, unha vez adxudicado este.*

- *De acordo co número de equipos inscritos de cada un dos concellos (6 do Concello de Cambre e 4 do Concello de Carral), establécese o financiamento conxunto do contrato para a execución do servizo, cunha participación do 60% por parte do Concello de Cambre e do 40% por parte do Concello de Carral. En calquera caso, de producirse algunha baixa ou alta nos equipos participantes nestas competicións, a porcentaxe a financiar por cada un dos concellos manterase nos termos reflectidos neste apartado.*
- *Orde de abono das achegas: Os pagamentos que houberan de realizarse ao contratista con motivo da execución do servizo realizarase polo Concello de Cambre. Unha vez finalizado o servizo (no mes de xuño de 2018) comunicárase esta circunstancia ao Concello de Carral, que haberá de ingresar o importe íntegro da súa achega no prazo de quince días a contar dende a recepción de tal comunicación, na conta bancaria que designe o Concello de Cambre.*

- *A realización dos pagamentos ao contratista será efectuada polo Concello de Cambre, mais ambos concellos quedan obrigados respecto ao contratista ao concorrer a cotitularidade do contrato e serán responsábeis directos cada un deles da obriga de pagamento das cantidades comprometidas.*
- *Dado que o pagamento do contrato ao adxudicatario será realizado polo Concello de Cambre, no caso de que o contratista non percibise o importe dos servizos no prazo establecido pola lei de contratos, será o Concello de Cambre o que terá que facer fronte aos custos indemnizatorios que se deriven de tal feito.*

#### **QUINTA.- EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DO SERVIZO**

*A execución do servizo realizarase pola empresa adxudicataria, de acordo coa documentación técnica elaborada e conforme á regulamentación e a lexislación aplicable.*

*O responsable do contrato será un técnico designado polo Concello de Cambre, ao que corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a súa boa execución. En caso de que o Concello de Cambre non poida atribuír a mesma a algún técnico municipal do seu cadro de persoal, solicitarase ao Concello de Carral que designe un responsable do contrato entre os seus técnicos.*

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

*Para o adecuado control da execución deste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento.*

*Esta Comisión estará presidida polo alcalde do Concello de Cambre ou concelleiro/a no/a que delegue, actuando de vogais un concelleiro do Concello de Carral, e dous técnicos nomeados por cada un dos concellos participantes.*

#### **SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO**

*O presente Convenio ten natureza xurídico-administrativa, con base no disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En todo caso, con carácter supletorio, estarase ao disposto no vixente Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento.*

#### **OITAVA.- XURISDICIÓN COMPETENTE**

*As cuestións litixiosas que se susciten entre as partes, serán no seu caso, substanciadas ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que establecen os artigos 10, 11, 88 e concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

#### **NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

*O presente Convenio terá efecto durante a tempada deportiva 2017-2018. En ningún caso este servizo se prolongará mais aló do mes de xuño de 2018.*

*O dereito a denunciar o presente Convenio poderá ser exercido tamén por calquera das partes, durante o seu período de vixencia inicial, sendo requisito suficiente o comunicalo fidedignamente á outra parte con antelación mínima de dous meses.*

*O incumprimento por calquera das partes asinantes dalgunha das estipulacións recollidas no presente Convenio, faculta á outra para solicitar a súa resolución.*



*A extinción do convenio antes do prazo establecido, levará consigo a resolución do contrato do servizo de organización da liga e copa intermunicipal de fútbol-sala Cambre-Carral durante a tempada 2017-2018.*

### **DÉCIMA.- ACEPTACIÓN E SINATURA**

*As partes outorgantes, na respectiva representación que ostentan, aceptan o contido das anteriores estipulacións e do Anexo I relativo ás prescricións técnicas do servizo, e, para constancia diso, asinan o presente Convenio no lugar e data ao principio sinalados.*

### **ANEXO I**

#### **PRESCRICIÓN TÉCNICA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN TÉCNICA DA LIGA/COPA DE FÚTBOL SALA CAMBRE-CARRAL 2017/2018**

##### **1º.- OBXECTO**

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo da organización técnica da liga e copa de fútbol sala Cambre-Carral durante a tempada 2017 -2018.

##### **2º.- XENERALIDADES**

Independentemente do custo total de adjudicación do servizo de organización técnica da Liga e Copa de fútbol sala, o Concello pagará:

- Unha cantidade inicial, unha vez se adjudique o servizo, para que a empresa afronte os gastos de contratación de pólizas de seguros e adquisición de material deportivo para o desenvolvemento das competicións.
- O número de partidos que realmente se celebren, beneficio industrial e IVA incluído, resultando de aplicación o prezo unitario de "partido disputado", comprendendo os custos de persoal e xestión da actividade.

O concello poderá reorganizar os servizos conforme á demanda dos equipos para unha mellor xestión da competición.

O Concello poderá suprimir os servizos indicados si deixasen de ser necesarios por:

- Insuficiencia de equipos participantes
- Pola falta de disposición de instalacións deportivas
- Calquera outra causa de forza maior que imposibilite o servizo.

As actividades deben figurar sempre como servizos que os Concellos de Cambre e Carral prestan aos veciños, independentemente de que o persoal e material o aporte a entidade adjudicataria. Calquera comunicación, cartel ou tríptico que edite a empresa adjudicataria deberá levar os logos/escudos dos Concellos de Cambre e Carral

##### **3º.- COMPROMISOS DOS CONCELLOS DE CAMBRE E CARRAL**

Realizarán a oferta da Liga/Copa de fútbol sala Concellos de Cambre e Carral.

Ceder as instalacións deportivas municipais e o equipamento específico para a organización e desenvolvemento das competicións.

Unha vez finalizado o período de inscrición, o Concello de Cambre comunicará á empresa adxudicataria a posta en marcha do servizo.

Manterán os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non existan causas graves que motiven a finalización do servizo.

Poderán reorganizar as instalacións, horarios e características das actividades por necesidades do propio servizo.

O Concello de Cambre pagará unha cantidade inicial coa adxudicación do servizo, e posteriormente, por mes vencido, previa presentación da factura e memoria dos partidos realizados durante ese mes.

O Concello de Cambre cederá un espazo no pavillón municipal de Os Campóns-Sigrás (Cambre), ou, no seu caso, os Concellos de Cambre e Carral cederán outra instalación deportiva municipal de Cambre ou Carral, que se determine, para a atención aos equipos no horario que se determine ao comezo da prestación do servizo. Con carácter xeral, luns e mércores de 20:00 a 23:00 horas

#### **4º COMPROMISOS DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

Queda obrigada a facilitar o material necesario para o desenvolvemento dos servizos adxudicados, independentemente do equipamento propio das instalacións que será:

- Indumentaria arbitral específica
- Fichas dos xogadores e actas de partidos
- Balóns, petos....

Queda obrigada a presentar unha póliza de Responsabilidade civil que dea cobertura ao servizo a adxudicar e un seguro de accidentes deportivo con cobertura sanitaria para os participantes (ata un máximo de 160 xogadores por tempada). Estas pólizas deberán presentarse nun prazo de tres días desde a comunicación da adxudicación do servizo

Queda obrigada a contratar e asegurar ao persoal cualificado necesario para o desenvolvemento do servizo nas condicións que se fixan neste documento

#### Funcións a desenvolver

1. Facer as inscricións dos equipos participantes.
2. Comunicar por escrito o comezo da liga aos equipos participantes.
3. Elaborar, coa aprobación dos técnicos municipais, un regulamento de competición e disciplinario específico para esa competición como complemento ao regulamento xeral da F.G.F.S.
4. Organizar e distribuír os calendarios de liga e copa.
5. Facer o nomeamento arbitral para cada un dos partidos.
6. Confeccionar as táboas de resultados e clasificacións, mantelos actualizados semanalmente (xoves ou venres) e publicalos a través de redes sociais ou páxinas web (da empresa se a houbese e/ou outros soportes dixitais e móbiles como, por exemplo, "segue a túa liga").
7. Designar un comité de competición e apelación de liga e copa.
8. Designar un coordinador con presenza activa durante o período de competición que será o interlocutor entre os concellos e a empresa adxudicataria, realizando funcións de coordinación e control das actividades segundo a programación e calendario establecido.
9. Achegar un árbitro con experiencia acreditada para cada un dos encontros de liga/copa que se disputen.
10. Achegar un xuíz de mesa para en cada partido, que se responsabilizará do bo funcionamento do marcador e materiais propios da competición (balóns, petos, fichas, actas...), así como comprobar a fidelidade das fichas que presenta cada equipo ao comezo dos partidos.

11. Achegar ao servizo unha persoa responsable de atención aos equipos participantes no horario, preferentemente, de luns e mércores de 20:00 a 23:00 durante o período de competición na instalación municipal que se designe.
12. Revisar o inventario que será facilitado polos concellos para o desenvolvemento das competicións, poñendo en coñecemento calquera anomalía.
13. Colaborar na efectiva difusión das competicións, calendarios e clasificacións.
14. Seguir as directrices técnicas e administrativas que lle indiquen desde os Concellos de Cambre e/ou Carral.
15. Informar aos servizos municipais de Cambre e/ou Carral das incidencias de carácter excepcional que acontezan.

## 5º ACTIVIDADE

As actividades deportivas a desenvolver son:

### **1.- A competición da liga de fútbol sala Cambre-Carral 2017/2018**

Contará cun máximo de 10 equipos participantes, nunha única categoría. Esta competición desenvolverase nunha liga a dobre volta entre todos os equipos participantes.

As regras da competición serán as da F.G.F.S, complementadas polo regulamento propio que se redacte especificamente para esta competición.

O partido gañado sumará tres puntos, o empate un e o partido perdido 0 puntos, sendo o campión de Liga o equipo que máis puntos sume.

Estableceranse trofeo para o campión da liga.

### **2.- A competición de Copa de fútbol sala de Cambre-Carral 2018**

Comezará unha vez finalizada a competición de liga. Contará con máximo de 10 equipos participantes, que se distribuirán nun único grupo e xogarán en sistema de liga a unha volta. Os catro equipos mellor clasificados ao finalizar esta liga a unha volta enfrontaranse (1º contra 4º e 2º contra 3º) en eliminatoria a un partido. Os dous equipos perdedores xogarán 3º e 4º posto (partido único) e os dous ganadores xogarán a final (partido único). Por causas organizativas poderá establecerse outro sistema de competición de copa que en ningún caso poderá supoñer un incremento no número de partidos establecidos neste parágrafo.

As regras da competición serán as da F.G.F.S, complementadas polo regulamento propio que se redacte especificamente para esta competición

Estableceranse trofeos para o primeiro e segundo clasificado desta copa.

## 6º.- HORARIO E INSTALACIÓNS DAS COMPETICIÓNS

De forma xeral se habilitarán as instalacións municipais de:

- pavillón polideportivo dos Campóns-Sigrás (Cambre)
- pavillón municipal do Espiño (Carral)

Os horarios das competicións de forma xeral desenvólense os luns e mércores de 21:00 a 23:00 no pavillón dos Campóns (Cambre) e de 22:00 a 23:00 no pavillón do Espiño (Carral).

De xeito excepcional podería marcarse partidos noutras instalacións municipais dos Concellos de Cambre/Carral logo do acordo co contratista e cos equipos implicados

#### 7º.- DURACIÓN DO CONTRATO:

Tempada 2017-2018, ata o mes de xuño de 2018 incluído

#### 8º.-ORZAMENTO

##### a) Pagamento inicial

Para contratación de pólizas de RC, seguro de accidentes e adquisición de material

4.000,00 euros (SEN IVE)

IVE (21%)

**TOTAL pago inicial 4.840,00 euros (IVE incluído)**

##### b) Partidos

Importe unitario máximo por partido (SEN IVE): 60,00 euros

IVE (21%): 12,60 euros

TOTAL con IVE incluído: 72,60 euros/partido

##### **Competición de Liga:**

90 partidos x 72,60 euros = 6.534,00 euros/liga (IVE incluído)

##### **Competición de Copa:**

49 partidos x 72,60 euros= 3.557,40 euros /copa (IVE incluído)

**TOTAL partidos liga + copa 2017/2018 = 10.091,40 euros (IVE incluído)**

**TOTAL MÁXIMO DE LICITACIÓN a) + b) 4.840,00+10.091,40 euros= 14.931,40 euros IVE incluído**

(Na oferta o licitador presentará necesariamente a desagregación do prezo de "pagamento inicial" e "partido disputado")»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocio Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **2.8. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:35:33

Este punto non foi utilizado.

### 3. PARTE DECLARATIVA

#### 3.1. Declaracións institucionais

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:35:37

Este punto non foi utilizado.

#### 3.2. Mocións dos grupos municipais

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:35:38

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG, ao respecto dunha posible instalación dunha planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos no peirao de Oza da Coruña. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta esixida no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Faise constar que don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que, a petición do resto dos grupos do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE), retiran do texto da moción o punto terceiro dos acordos, pasando o punto cuarto a ocupar o terceiro lugar.

#### **A) Moción do grupo municipal do BNG ao respecto da posible instalación dunha planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos no peirao de Oza da Coruña**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:36:20

Rexistrada de entrada ao núm. 3/2478 o día 21 de decembro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Con data do 23 de outubro de 2017 publícase no DOG (núm. 201) anuncio do 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental da planta de recepción e pretratamento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Oleos, S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2015/0167).

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto desta, a planta terá unha capacidade máxima de xestión de refugallos de 4.000 toneladas ao ano, cunha capacidade máxima de tratamento de 26.280 m<sup>3</sup>/ano, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais, e estará composta por: dous tanques de 65.000 litros para a almacenaxe, nun deles para almacenaxe ‘de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pretratamento’, e o outro para a almacenaxe de ‘residuos



MARPOL formados con mestura emulsionada'; un tanque de capacidade de 28.000 litros para almacenaxe de aceite; e un cuarto tanque de 30.000 litros para funcións auxiliares.

A autorización da instalación desta planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos no peirao de Oza da Coruña asemella outra das actuacións sen sentido ás que nos ten afeita a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación Territorial, amosando, así mesmo, ou seu total desprezo para co medio ambiente nunha contorna constantemente agredida como é a bocana da ría do Burgo.

A instalación prevese nunha localización a menos de 500 metros de bancos de produción marisqueira, ao carón de sendas praias (Oza, Santa Cristina e Bastiagueiro), ao carón dun complexo náutico deportivo, dentro do conxunto urbano do barrio de Oza, asiduamente atacado por ser a zona dos peiraos da Coruña onde se teñen desenvolvido actividades altamente contaminantes, causantes dunha contrastada polución medioambiental, como descargas de carbón e outros materiais, e por existir desaugadoiros ou canalizacións que teñen producido filtracións e vertidos de hidrocarburos.

Por outra banda, o Concello da Coruña, no informe técnico do Departamento de Xestión Enerxética e Residuos Urbanos, recollendo as indicacións da Ordenanza municipal de vertidos e do Servizo municipal de Saneamento, emitido a solicitude da propia Consellería, considerou que este proxecto 'pode causar impactos ambientais significativos e que se trata (precisamente) dunha zona de sensibilidade especial', polo que establecía medidas adicionais a considerar antes da aprobación do proxecto, tales como que 'debería ser obxecto dunha avaliación ambiental ordinaria (e non simplificada).

E aínda que, como se recolle na exposición de motivos da resolución, o proxecto final incorpora modificacións, o feito real é que a resolución fundaméntase con base a un estudo de impacto ambiental simplificado, sen atender, minimamente, á necesidade de observar polo miúdo a implicación integral e real na contorna da zona de acordo coas especificacións e consideracións que un estudo ordinario si que garantiría.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Amosar publicamente o rexeitamento á construción desta planta de pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos no peirao de Oza da Coruña.

**Segundo:** Apoiar ás entidades veciñais e organizacións que xa se teñen posicionado en contra da construción desta planta e xa teñen presentado alegacións ao proxecto.

**Terceiro:** Instar á Xunta de Galicia a desestimar e rexeitar a construción dunha planta de recepción e pretratamento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Oleos, S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2015/0167)."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:48:21

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG, contra a subida de peaxes na AP-9. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta esixida no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Faise constar que don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, se ben a moción foi presentada polo BNG, fíxoa propia o conxunto do equipo de goberno, integrado tamén por UxC e polo PSdeG-PSOE.

### **B) Moción do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) contra a subida de peaxes na AP-9**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:48:51

Rexistrada de entrada ao núm. 3/2478 o día 21 de decembro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O Goberno do Estado, a través do Ministerio de Fomento, acaba de autorizar a Audasa unha subida extraordinaria durante os próximos 3 anos do 3,1% para todos os tramos da AP-9, e que vén representar o dobre do IPC.

A privatización da AP-9 no 2003 está a significar grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo norteamericano e que goza dunha concesión ampliada ata o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido por Aznar. Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo.

Diversos partidos, como o BNG, levamos demandando dende hai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno galego, e de acceso gratuíto para todas as galegas e galegos. Nomeadamente presentáronse iniciativas tanto no Parlamento de Galicia como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, a súa transferencia á Xunta de Galicia e que se suprimisen as peaxes.

A AP-9 abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas, mais depende do Goberno do Estado que mantén peaxes desorbitadas para as persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galicia deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuita de titularidade galega.

O ano pasado, o Parlamento de Galicia, por unanimidade das forzas políticas, aprobou a 'Proposición de lei orgánica de transferencia de titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia', que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.

Aspiramos a que dende Galicia se tome o control desa autoestrada para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas, os incrementos constantes e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias da AP-9.

Tamén, en febreiro deste ano, aprobouse unha iniciativa na que o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.

Por todo isto, o equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG), solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galicia a que demande a súa supresión.

**Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a que cumpra cos acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:

- A transferencia da AP-9 á administración galega
- A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande

**Terceiro:** Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, presidente da Xunta de Galicia e presidente do Goberno do Estado."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. Informes do equipo de goberno

*Acceso á videoacta:* Minuto 02:11:08

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2281/2017, do 19 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, dende o día 19 ao día 29 de decembro de 2017, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por don Óscar A. García Patiño, quen ostenta a presidencia da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2246/2017, do 14 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande, dende o día 23 de decembro de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## 4.2. Rogos

*Acceso á videoacta:* Minuto 02:11:55

### Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/383 o día 22 de decembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo -** *Acceso á videoacta:* Minuto 02:12:00

Lee o rogo don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Numerosos veciños, transeúntes e usuarios do Camiño Inglés a Santiago de Compostela, ao seu paso polo noso concello, puxeron en coñecemento do Grupo Municipal Popular o lamentable estado no que se atopan algúns dos seus tramos. Situación que xa foi denunciada polo noso grupo en varias ocasións en sesión plenaria. Nesta ocasión, facémolo á vista do requirimento veciñal do estado no que o camiño se atopa ao seu paso pola parroquia de Anceis, máis concretamente nos arredores do punto quilométrico 56.267.

Achéganse fotografías que demostran o estado no que se atopa o tramo do mencionado Camiño Inglés ao seu paso por Anceis.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese do equipo de goberno que á maior brevidade posible se adopten as medidas pertinentes para resolver os problemas advertidos no Camiño Inglés a Santiago de Compostela, ao seu paso polo noso municipio.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

**2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:13:21**

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Moitas son as disciplinas deportivas que se practican en Cambre, sendo xa moitos os anos nos que a práctica do deporte no noso municipio seguen crescendo, tamén como federados, con grandes éxitos a nivel nacional.

Neste sentido e, entre outras, destaca a disciplina deportiva do tiro con arco, que conta en Cambre con ata setenta deportistas federados. Deportistas que, neste inverno, se atopan practicando a cuberto, sen que a día de hoxe teñan asegurado que, coa chegada da primavera, poidan practicar o tiro con arco ao ar libre. Para iso, xunto á vontade de querer resolver o problema, é necesario estudar e buscar alternativas á anterior localización; alternativas que poidan pasar por limitar ou compaxinar horarios, acoutar ou blindar espazos ou encontrar novos lugares como o campo de fútbol de Lendoiro en Cecebre; alternativas que nos refiren os propios deportistas e os seus veciños.

De aí que a requirimento dos nosos veciños dende o Grupo Municipal Popular se requira ao Goberno municipal para que se estuden e adopten medidas que garantan o exercicio da práctica deportiva de tiro con arco ao ar libre nalgún lugar do noso municipio compatible con iso.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, acepta o rogo.

**3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:16:08**

Lee o rogo don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Para canalizar a publicación da información demandada e facilitar o cumprimento das obrigas de publicidade activa, tendo en conta que non se pode, por un lado, falar de transparencia e, por outro, non poñer os medios adecuados para facilitar o acceso á información divulgada, a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno contempla a creación e desenvolvemento, entre outras medidas, dun portal de transparencia. Así mesmo, as novas tecnoloxías nos permiten hoxe en día desenvolver ferramentas de extraordinaria utilidade para o cumprimento das disposicións da lei que permita aos cidadáns que o demanden, obter a información que precisen.

Con tal finalidade, a Corporación municipal de Cambre aprobou por unanimidade a adopción dos medios técnicos necesarios para a emisión en directo dos plenos municipais, así como a súa gravación e difusión a través da propia web municipal. Así se vén facendo dende esta primavera en Cambre, se ben todos somos coñecedores de que ata o momento, só os que poden acceder en directo, en tempo real, á retransmisión vía internet, mediante *streaming*, poden ver as sesións plenarias de Cambre. Non obstante, co sistema actualmente implantado os interesados en seguir as sesións máis aló do directo, non están podendo acceder ás gravacións das sesións nin consultar as videoactas derivadas delas.



Á vista das queixas veciñais recibidas por este grupo, dende o Grupo Municipal Popular solicítase ao equipo de goberno a implantación integral do sistema aprobado no seu día, que inclúa o acceso ás gravacións completas das sesións plenarias a través da páxina web do noso concello.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, acepta o rogo.

### **Rogos de ACdeC-SON presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/384 o día 22 de decembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### **1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:21:36**

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

A seguridade viaria, como dende xa hai tempo este grupo leva defendendo, ten que ser unha prioridade para un concello como Cambre, non que a maioría da poboación usa o coche para facer os seus desprazamentos diarios. É unha loita deste grupo garantir unha alternativa ao transporte motorizado, alí onde sexa posible a implementación de novas estratexias de mobilidade, como son as sendas peonís.

No caso que traemos nesta ocasión, vemos unha especial prioridade por ser utilizado non só polas veciñas e veciños no seu lecer ou no seu discorrer diario, senón que resulta ser un paso case obrigado para que nenos de toda a costa da Tapia e arredores accedan ao colexio Portofaro.

Polo tanto, pregamos que tomen as medidas precisas para garantir de forma segura o tránsito pola estrada que discorre polo polígono industrial do Temple vindo da rúa Otero Pedraio, en dirección ao colexio Portofaro.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que a obra esta incluída dentro do POS+ 2017 complementario, polo que darán cumprimento ao rogo en canto reciban a autorización da Deputación para contratar.

#### **2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:23:01**

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

En plenos pasados confirmóusenos a esixencia dende o Goberno para solucionar os problemas que o tendido eléctrico causa en diversos lugares. Comprobando a falta de efectividade destas empresas, pregamos se estude de xeito legal facer presión a estas empresas para corrixir as deficiencias existentes no termo municipal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

### **4.3. Preguntas**

*Acceso á videoacta: Minuto 02:23:45*



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/383 o día 22 de decembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

### 1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:23:50

Lee a pregunta dona Mª Jesús González Roel.

Nestes días do mes de decembro nos que meteoroloxicamente temos compartido momentos de choiva, mañás soleadas, frío intenso, néboas matinais e baixas temperaturas, temos sufrido o caldo de cultivo perfecto para que moitas das nosas beirarrúas, sobre todo nas parroquias do interior do noso municipio, dificultaran o paso dos peóns.

Entre elas, as que arrancan dende o cruceiro existente na bifurcación da estrada que conduce de Cambre ata Bribes, na que o verdello propicia a caída dos transeúntes.

É por iso que o Grupo Municipal Popular, a requirimento dos nosos veciños, pregunte ao do equipo de goberno municipal se vai adoptar e cando as medidas necesarias para retirar, entre outros elementos, o verdello que invade as beirarrúas, fundamentalmente as existentes na parroquia de Bribes, coa finalidade de evitar caídas e facilitar o tránsito aos nosos veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

### 2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:25:55

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Coa finalidade de poder participar nos asuntos públicos en representación dos veciños que nos elixiron, os concelleiros necesitamos dispoñer dos antecedentes necesarios para que ese dereito de participación nos asuntos municipais sexa real e efectivo. Concelleiros que, no caso dos que ocupamos a oposición ao Goberno municipal en Cambre, temos como misión, entre outras, a fiscalización das actuacións municipais e o control, análise, estudo e información dos antecedentes e ditames necesarios tanto para ese labor de control como para documentarse con vistas a decisións a adoptar no futuro.

En desenvolvemento do dito dereito constitucional, o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que *“Todos os membros das corporacións locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da comisión de goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel en que se tivera presentado.”*

Sobre esta base legal, o Grupo Municipal Popular, solicitou mediante sendos escritos presentados no rexistro do noso concello do 21 de setembro e 27 de outubro deste mesmo ano, que se nos remitira copia completa, ordenada e foliada do expediente administrativo do festival “Rock in Cambre”. Problema que, ao non estar resolto meses despois das solicitudes escritas, foi incluído entre os rogos do pleno ordinario do mes de novembro pasado, sen que a día de hoxe se teña resolto a dita solicitude coa entrega do expediente solicitado.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao señor alcalde de Cambre que, como temos observado anteriormente é o encargado de cumprir coa dita obriga, cando vai cumprir coa dita obriga e compromiso subministrando a esta parte da oposición que así llo ten solicitado reiteradamente dende hai meses, a copia do expediente requirido, en cumprimento da dita obriga legal.

Don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 02:27:58

Lee a pregunta dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

En recentes encontros de concelleiros populares con veciños de diferentes parroquias do municipio, moitos deles nos indicaron unha cuestión que xa ven observando o noso grupo municipal ao longo deste último ano: a desatención e, en consecuencia, o progresivo descenso do número de postos de venda ambulante na feira de Cambre, así como o escaso éxito da nova feira do Temple, circunstancia esta última non só manifestada por veciños e feirantes, senón tamén por numerosos comerciantes e hostaleiros da zona.

Tendo en conta que ao principio deste mandato rogamos ao Goberno municipal o mantemento das actividades lúdicas, gastronómicas e culturais que o anterior goberno popular tiña programadas co fin de dinamizar, revitalizar e manter activa unha tradicional feira como a de Cambre; tendo en conta, así mesmo, que non ten existido actividade municipal ningunha neste sentido por parte das concellerías que foron competentes para iso, senón que tales actividades foron totalmente suprimidas polo actual Goberno, por parte do Grupo Municipal Popular pregúntase á actual concelleira competente se ten prevista algunha acción para devolver á feira de Cambre a brillantez e dinamismo dos que ten gozado ao longo da súa historia.

O señor presidente informa que esta pregunta será contestada por escrito pola concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Leonor Fernández Grande, que hoxe está ausente.

**Preguntas de ACdeC-SON presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/384 o día 22 de decembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

**1ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 02:29:35

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Nestes orzamentos o noso grupo presentou unha iniciativa que foi aceptada, conforme o Goberno local comprometiase a realizar un convenio de colaboración coa universidade da Coruña e a Uned, co cal estas entidades se comprometen a realizar cursos, resposta técnica, tanto para o Goberno, como para toda a cidadanía. Polo tanto, e pensando en que se comecen a realizar actividades, o noso grupo pregunta:

Teñen xa algún contacto con estas entidades co fin de irlle dando forma a este convenio?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 02:31:38

Don Antonio Bruquetas Santos retira a pregunta relativa ás actas do pleno, que xa foi contestada con anterioridade.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 02:31:48

Lee a pregunta

Veciños de diversas partes do concello teñen manifestado ao noso grupo o problema de visibilidade que causan os autobuses cando aparcan nas proximidades de diversas paradas. Un vehículo de tal envergadura non debería aparcar en ningún lugar onde o seu volume poida provocar un contratepo por escasa visibilidade, polo tanto preguntamos:

Ten realizado o Goberno algunha xestión ante as empresas responsables para dar solución aos problemas formulados?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia